

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Asociación de Trastornos do Espectro Autista de Vigo (ASTEAVI)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Asociación de Trastornos do Espectro Autista de Vigo (ASTEAVI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2027-2028, isto é o día 31 de agosto de 2028, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación de Trastornos do Espectro Autista de Vigo (ASTEAVI) nas accións dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Trastorno de Espectro Autista (TEA).



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que ASTEAVI é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito provincial, constituída por pais e nais e demais persoas sensibilizadas co problema do trastorno do espectro autista e cos trastornos da comunicación, creada co obxectivo de apoiar ás persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA), que ten entre os seus principais fins os seguintes:



- a) Promover e implementar accións dirixidas a incentivar a autonomía, o desenvolvemento persoal (físico, intelectual, social e emocional) e a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA).
- b) Apoiar, informar e asesorar á familias como principal axente socializador das persoas con TEA.
- c) Promover e desenvolver acción dirixidas a mellorar a situación e contexto social das persoas con TEA.
- d) Fomentar a formación de profesionais neste trastorno.
- e) Potenciar a investigación científica, a divulgación e o coñecemento con relación ao TEA na nosa comarca.
- f) Representar e defender os intereses das persoas con TEA ante toda clase de organismos, organización local ou autonómica, persoa física ou xurídica, entidades públicas ou privadas.
- g) Favorecer a colaboración entre familias e profesionais e a cooperación con outras entidades que representan ao colectivo no seu traballo.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa e no desenvolvemento de accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con trastorno do espectro autista (TEA), manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase



xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

